



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE JUGADORES ANÓNIMOS (GAJA) EN MATERIA DE XOGO RESPONSABLE

REUNIDOS

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, D. José Luis Comesaña Lorenzo en representación da Asociación Gallega de Jugadores Anónimos (GAJA) e en virtude das atribucións que se lle conferiron na reunión extraordinaria da asociación celebrada o 24 de febreiro de 2017 e acreditado mediante certificado asinado o 4 de setembro de 2018 polo secretario da Asociación. A dita Asociación consta inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número 98.225 e no Rexistro Provincial de Pontevedra co número 2.302.

EXPOÑEN

PRIMEIRO - O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala como da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, entre outras, a ordenación dos casinos, xogos e apostas, con exclusión das apostas mutuas deportivo benéficas. Consonte o anterior, e como resultado do acordo Estado-Comunidade Autónoma, ditouse o Real Decreto 228/1985, de data 6 de febreiro de 1985, polo que se concreta o que, en materia de xogo, son competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia primeira e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, establece que esta vicepresidencia e consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de xogo, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

A competencia da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en materia de xogo non se limita á tramitación dos expedientes administrativos correspondentes, senón que abarca tamén as funcións de inspección, control e sanción da actividade do xogo así como ordenación e coordinación coas distintas xefaturas territoriais con competencias na materia.

Tamén realiza funcións de colaboración e cooperación coas asociacións que tratan os problemas derivados de condutas aditivas relacionadas co xogo.

SEGUNDO - A Asociación Gallega de Jugadores Anónimos (GAJA) consta inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra co número 2.302 e ocúpase de ofrecer atención especializada a persoas que padecen ludopatía e problemas derivados da adicción ao xogo, así como a realizar funcións de información, orientación e sensibilización ao conxunto da sociedade.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

O seu programa de actividades abarca:

- a) dinamización dun espazo de encontro
- b) organización de actividades socio-culturais, deportivas, lúdicas ou de calquera outro tipo
- c) organización de cursos, seminarios, conferencias e outros actos análogos
- d) elaboración e edición de materiais formativos, revistas, folletos e calquera outro tipo de publicación para a difusión das ideas da asociación

TERCEIRO -. Entre os fins da Asociación AGAJA constan os seguintes:

- * Desenvolve-los dereitos, auxilio, colaboración e solidariedade con persoas ou colectivos de persoas que teñan ou poidan ter trastornos de conduta, control ou doutra natureza derivados dos xogos de azar ou doutro tipo de actividade que constituía ou poida constituír un trastorno psicolóxico condutual
- * Desenvolver os dereitos, auxilio, colaboración e solidariedade cos familiares ou persoas afíns ás persoas e colectivos reflectidos no punto anterior afectadas pola súa conduta
- * Levar a cabo as actividades terapéuticas ou lúdicas precisas para a recuperación das persoas con trastornos derivados dos xogos de azar ou semellantes, e dos seus familiares
- * Promover e apoiar a súa reinserción social, e a dos seus familiares ou persoas afíns.
- * Sensibilizar á sociedade en xeral e, especialmente no ámbito familiar, escolar e laboral, sobre os riscos que os xogos de azar ou semellantes supoñen ó xogador habitual e ós seus familiares.

CUARTO – De acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cómpre salientar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública en atención a que esta actividade de interese público unicamente é desenvolvida en Galicia con carácter específico por dúas Asociacións que colaboren coa DXEI na protección do colectivo con problemas de adicción ao xogo, consonte o que consta na declaración que a tal efecto asinou o director xeral de emerxencias e interior e vanse subscribir convenios en idénticos termos coas dúas.

QUINTO – A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por isto ámbalas dúas partes,

ACORDAN:

Primeiro.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Asociación AGAJA en canto ao apoio que esta poida aportar nas accións de prevención, promoción, divulgación, información, asesoramento en materia de xogo responsable.



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

En concreto a actividade subvencionada é a seguinte:

- Alugueiro de local social, asesoría e teléfono
Importe total – 5.891 euros

Importe a subvencionar: 5.000 euros

Segundo – Obrigas da institución

A Asociación AGAJA queda obrigada a:

1. Destinar os fondos percibidos ao financiamento das actuacións referidas na cláusula primeira.
2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,
3. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como ás demais obrigas exixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ó Consello de Contas e ao Tribunal de Contas

Terceiro. Obrigas da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo aboará a institución a cantidade de cinco mil euros (5.000 euros) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05 25 212A 481.1 (CP 2018 00106) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021.

Cuarto. Xustificación e libramento dos fondos

A achega económica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Para percibir a cantidade a asociación AGAJA a entregará a seguinte documentación:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas, facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é de cinco mil euros.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Considerase xustificante de pagamento válido unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo/a presidente/a da asociación.
- Para aquelas compras realizadas en metálico, de ata 1000 euros por factura, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro en que figure “pagado” xunto coa sinatura e o número de NIF da persoa encargada da empresa subministradora.

O representante da asociación acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda. Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas, como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte de AGAJA, das obrigas contidas neste convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a consellería, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto de convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos, ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvencións nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2021.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrese a asociación como consecuencia da realización de actuacións acordadas co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Quinto. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Así mesmo e, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Sexto. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá, de ser o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas

Sétimo . Compatibilidade con outras axudas

De acordo co disposto no artigo 40.1 letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado nacional, da Unión Europea ou organismos internacionais,

Oitavo. Xurisdicción

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso- administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ó disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes

públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Noveno. Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada polo Director Xeral de Emerxencias e Interior e o Presidente da



Xacobeo 21-22



Asociación, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, polo vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo poñendo así fin á vía administrativa.

A Comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes:

As súas funcións serán:

- a) Interpretación do convenio
- b) Proposta, se é o caso, de addendas
- c) Intervención previa á resolución por incumprimento
- d) Coordinación das funcións das partes intervintes
- e) Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo. Vixencia

A vixencia do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2021.

Undécimo. Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio.
Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

